

Os alumnos do CEIP Mazo Vizoso de Vilalba apenas teñen clase de Educación Física porque nin o Concello nin a Xunta arranxan as deficiencias do polideportivo

Os socialistas lamentan “que se chegara a esta situación”, pois cando o Concello recibiu fondos procedentes do Plan E, solicitaron ó Goberno local que se destinara unha dotación para a mellora destas instalacións, nas que daquela xa se apreciaban goteiras na cuberta

Consideran que o Partido Popular “se tería que preocupar un pouco máis polo inmoible”, pois mantelo en funcionamento ten un retorno económico para as arcas municipais. O prezo que cobra o Concello a unha asociación polo seu uso encareceuse nos últimos anos no 100%

VILALBA, 31 DE XANEIRO.- Este curso académico, os alumnos e alumnas do CEIP Mazo Vizoso de Vilalba non tiveron practicamente clase de Educación Física por mor das “lamentables” condicións nas que se atopa o pavillón do centro educativo, e que se viron notablemente agravadas nos últimos meses debido ás intensas choivas rexistradas.

Deste xeito, os socialistas lamentan que os escolares “sexan os grandes perxudicados, pois o problema non é de agora, senón que vén de anos atrás”. Neste senso, lembran que, dende o grupo municipal do PSOE, pediuse, cando o Concello recibiu fondos procedentes do Plan E, que se destinara unha dotación para a mellora destas instalacións deportivas, pois xa daquela se apreciaban goteiras na súa cuberta. Nese momento, destacan, “díxosenos que iso xa se estaba mirando por outro lado para obter unha subvención doutro organismo público. Pensabamos que sería da Xunta, aínda que, vendo o resultado, esta non debe ser un goberno tan amigo se temos en conta o desastroso estado no que se atopan os pavillóns e o auditorio municipal”.

O Concello cobra polo seu uso

A este respecto, critican que “este equipo de goberno sempre fai caso omiso do que poidamos aportar os grupos da oposición”. Asemade, pensan que o Alcalde se tería que preocupar un pouco máis por esta instalación, pois o prezo que cobra a unha asociación polo seu uso, encareceuse nos últimos anos no 100%. Concretamente, o custe fixado para empadronados no Concello é de 10 euros a hora e, para os residentes noutros municipios, de 20 euros.

Tiveron que ser os pais

Así as cousas, e tendo en conta que o seu funcionamento ten, ademais, un retorno económico para as arcas municipais, os socialistas denuncian que teñan que ser os pais os que tomen a iniciativa de poñerse en contacto coa Xefatura Territorial de Educación, xa que “nin Concello nin Xunta fixeron nada para arranxar a situación de deixadez e abandono que está a sufrir o polideportivo, privando así ós alumnos de recibir a ensinanza propia da asignatura de Educación Física”.

PARA DECLARACIÓNS SOBRE O TEMA, CONTACTAR CO CONCELEIRO DO PSOE JOSÉ TEIXEIRO (659 557 404)